

ORTOGRAFÍA: USO DAS MAIÚSCULAS

1. **Ao comezo dun escrito e despois dun punto.** Exemplo: **X**a estiven no colexio. **A**gora estou na casa.
2. **Nomes propios de persoa, apelidos e alcumes.** Exemplo: Breixo **M**artínez **P**érez, o **T**umbalobos.
3. **Nomes propios de animais.** Exemplo: **G**alileo é o meu gato.
4. **Nomes de rúas, barrios e lugares.** Exemplo: Vivimos no Calvario, en **V**igo, na rúa **P**ortela.
5. **Nomes de países, autonomías, provincias, cidades, vilas, aldeas, etc.** Exemplo: **B**ecerreá pertence á provincia de **L**ugo (**G**alicia).
6. **Nomes de ríos, mares, océanos, montes, volcáns, etc.** Exemplo: O río **M**iño desemboca no océano **A**tlántico. O río **E**bro desemboca no mar **M**editerráneo.
7. **Nomes de empresas, comercios e marcas.** Exemplo: Vou mercar un **K**as no **A**lcampo.
8. **Nomes de institucións, asociacións ou equipos.** Exemplo: O **C**elta xoga o domingo en Balaídos.
9. **Os títulos de libros, películas, obras de teatro, cadros e outras creacións artísticas.** Exemplo: Aínda non liches ***F**ollas novas?* Este trimestre vou ler ***C**hamádeme Simbad*.
10. **Abreviaturas de formas de tratamento.** Exemplo: A **D**ra. Durán e o **D**r. Castro recibiron un premio moi prestixioso.
11. **As siglas escríbense con letras maiúsculas e sen punto.** Exemplo: UE (Unión Europea), ONU (Organización das Nacións Unidas), ONG (Organización Non Governamental).

Siglas: voces formadas pola combinación das letras (ou sílabas) iniciais doutras palabras que designan institucións, empresas, sindicatos... O seu xénero e número márcan o determinante. Exemplo: *Miña irmá está traballando no **SERGAS** (**S**ervizo **G**alego de **S**aúde).*